**PROCESO DE PRESENTACIÓN  DE SOLICITUDES POSDOUTORAIS**

A presentación de solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, pero terá que ser validada finalmente pola Universidade. Debido a isto establecese o seguinte procedemento de presentación de solicitudes en dúas fases:

- **Fase 1: Presentación da declaración de interese  na USC**
- **Fase 2: Subida da documentación na Sede Electrónica da Xunta**

## FASE 1

***A USC establece os seguintes prazos para realizar o proceso de presentación de solicitudes ante a Xunta de Galicia en tempo e forma.***

# FASE 1 – DECLARACIÓN DE INTERESE

**Prazo para a presentación da declaración de interese para participar na convocatoria**.

**O DÍA 30 DE XULLO DE 2023 as 23:59**

Acceso ao formulario online

Rexistrada a vosa declaración de interese recibiredes un correo electrónico de confirmación.

## FASE 2

A).-Serán os CANDIDATOS os que deberán cumprimentar a solicitude e subir a documentación á sede electrónica da Xunta de Galicia para o que seguiran os seguintes pasos:

**PASO 1: ACTIVAR A OPCIÓN DE RECIBIR BORRADORES NA SEDE ELECTRÓNICA**






## PASO 2: INICIAR A SOLICITUDE NA SEDE ELECTRÓNICA

1. Debe acceder á Sede electrónica da Xunta de Galicia no buscador poñer o código do procedemento **ED481B** (Para acceder ao procedemento debe premer dito código).




2. A continuación debe premer en: Tramitar en liña.




3. Debe identificarse coa chave 365 ou ben co Certificado Dixital
4. Cumprimentar os seguintes datos na pantalla de solicitude:

### a. DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE (*cubrir tal e como está na seguinte imaxe*)



| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL | ED481B | SOLICITUDE |

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

| Campo | Valor |
|---|---|
| RAZÓN SOCIAL | *UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA* |
| NIF | *Q1518001A* |
| TIPO | Seleccione |
| NOME DA VÍA | *DO OBRADOIRO* |
| NÚM. | *S/N* |
| BLOQ. | |
| ANDAR | |
| PORTA | |
| PARROQUIA | *SANTIAGO DE COMPOSTELA* |
| LUGAR | *SANTIAGO DE COMPOSTELA* |
| CÓDIGO POSTAL | *15782* |
| PROVINCIA | Coruña (A) |
| CONCELLO | Seleccione |
| LOCALIDADE | *SANTIAGO DE COMPOSTELA* |
| TELÉFONO 1 | *881816215* |
| TELÉFONO 2 | |
| CORREO ELECTRÓNICO | *recursoshumanos.programas@usc.es* |

**b. E NA SÚA REPRESENTACIÓN (Non debe cumprimentar nada)**

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

CARGO

**c. DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN** (*cubrir tal e como está na seguinte imaxe*)

**DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Debe teclear o seu teléfono móvil

Todas las notificaciones a las personas interesadas se realizarán sólo por medios electrónicos a través del Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal.

Solo se podrá acceder a la notificación con el certificado electrónico o Chave365.

Se enviarán avisos de puesta a disposición de la notificación en el correo electrónico y/o teléfono móvil facilitados a continuación y que se podrán cambiar en cualquier momento a través de Notifica.gal:

TELÉFONO MÓVIL | CORREO ELECTRÓNICO

*recursoshumanos.programas@usc.es*

**d. DATOS DA PERSOA CANDIDATA A SER DESTINATARIA DA AXUDA** (*Este apartado debe ser cuberto cos datos persoais do/a candidato/a*)

**DATOS DA PERSOA CANDIDATA A SER DESTINATARIA DA AXUDA**

NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

DATA DE NACEMENTO | SEXO: ○ Home ○ Muller | NACIONALIDADE

TIPO: Seleccione | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA

PARROQUIA | LUGAR

CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA: Seleccione | CONCELLO: Seleccione | LOCALIDADE

TELÉFONO 1 | TELÉFONO 2 | CORREO ELECTRÓNICO

UNIVERSIDADE EN QUE OBTIVO O TÍTULO DE DOUTORA OU DOUTOR | DATA DE LECTURA DA TESE

DEPARTAMENTO, UNIDADE DE TRABALLO OU EQUIVALENTE EN QUE SE INTEGRARÁ | GRUPO DE INVESTIGACIÓN

## e. A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA (*Este apartado debe ser cuberto segundo a imaxe*)

Actuar coma

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
   - (◉) Esta entidade non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas.
   - ( ) Esta entidade solicitou e/ou se lle concederon, ou están pendentes de resolución de concesión, axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes, ou das entidades vinculadas ou dependentes delas, a saber:

| DESCRICIÓN DA AXUDA E CONCEPTO | ESTADO (1) | IMPORTE (€) |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicarase PENDENTE. No caso de solicitudes denegadas, farase constar DENEGADA.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Que esta entidade non está incursa en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Que esta entidade non está incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Que esta entidade está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## *f.* DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE.*( Débese marcar a documentación que se presenta.)*

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

- ☐ Declaración responsable da persoa candidata para ser destinataria da axuda (anexo III)
- ☐ Aceptación no grupo de investigación ou equivalente (anexo IV)
- ☐ Aceptación do departamento, unidade de traballo ou equivalente (anexo V)
- ☐ Declaración da entidade solicitante en que se faga constar en que universidade e con que data a persoa candidata obtivo o grao de doutor, así como a titulación que lle deu acceso ao dito grao e a data de finalización destes estudos
- ☐ Copia da homologación ou equivalencia do título de doutora ou doutor se foi obtido no estranxeiro
- ☐ CV actualizado da persoa candidata
- ☐ Documentos xustificativos dos méritos alegados
- ☐ Plan de traballo coas actividades que se propoñen realizar
- ☐ Plan de estadías detallado
- ☐ Carta ou cartas de aceptación da estadía do centro ou centros receptores
- ☐ Plan de continxencia para as estadías
- ☐ Certificado da entidade solicitante, coa conformidade do investigador ou investigadora principal ou do director ou directora do centro ou agrupación, en que se faga constar que a persoa candidata pertence ou se vai integrar no grupo, agrupación, equipo ou centro dos indicados no artigo 12.2 e a convocatoria na cal obtivo o financiamento, se é o caso
- ☐ Declaración responsable para as persoas candidatas que vaian optar á condición de bolseiras Fulbright (anexo VI)
- ☐ Certificado de discapacidade (se non está expedido pola Xunta de Galicia), se é o caso
- ☐ Documentación que acredite os supostos de excepcionalidade previstos no artigo 2.2.b) sobre a data de obtención do título de doutora ou doutor, se é o caso

| | ÓRGANO | CÓD. PROC. | ANO |
|---|---|---|---|
| ☐ Copia da homologación ou equivalencia do título de doutor ou doutora, no caso de que fose obtido no estranxeiro | | | |
| ☐ Certificado de coñecemento do idioma inglés de acordo co artigo 2.2.d) da convocatoria (só para as persoas candidatas que vaian optar á condición de bolseiras Fulbright) | | | |

*g.* **COMPROBACIÓN DE DATOS.(** *Opcional, aínda que sería recomendable autorizar a consulta.)*

COMPROBACIÓN DE DATOS

| | |
|---|---|
| **Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.** | **OPÓÑOME Á CONSULTA** |
| DNI/NIE da persoa representante | ☐ |
| Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social | ☐ |
| Certificado de estar ao día no pagamento coa Axencia Tributaria de Galicia | ☐ |
| **CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS**<br>**A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.** | **AUTORIZO A CONSULTA** |
| Certificado de estar ao día no pagamento coa Axencia Estatal de Administración Tributaria | ◉ Si ○ Non |

## PASO 3: ANEXADO DE DOCUMENTACIÓN

A continuación debe PREMER en **GARDAR** (se nese momento non quere anexar a documentación) ou en **CONTINUAR** (se a continuación quere anexar a documentación).

## Anexar documentación

| Documento | Ficheiro Anexado | Accións |
|---|---|---|
| Declaración da persoa candidata para ser destinataria da axuda (Anexo II) | Soltar arquivos aquí ou examinar | |
| Aceptación no grupo de investigación ou equivalente (Anexo III) | Soltar arquivos aquí ou examinar | |
| Aceptación no departamento, unidade de traballo ou equivalente (Anexo IV) | Soltar arquivos aquí ou examinar | |
| Plan de traballo das actividades académico-investigadoras que propón reali... | Soltar arquivos aquí ou examinar | |
| CV actualizado da persoa candidata | Soltar arquivos aquí ou examinar | |
| Arquivo pdf cos documentos xustificativos dos méritos alegados e as ligazón... | Soltar arquivos aquí ou examinar | |
| Memoria da actividade investigadora desenvolvida | Soltar arquivos aquí ou examinar | |
| Certificado da entidade solicitante no que se faga constar que a persoa can... | Soltar arquivos aquí ou examinar | |
| Documentación que acredite os permisos de maternidade, paternidade, gard... | Soltar arquivos aquí ou examinar | |

Engadir outro documento ⊕

Subido: 0 KB / Máximo permitido: 100 MB

Para iniciar o anexado de documentación debe premer no botón **CONTINUAR**, ata a páxina de "Anexado de documentación "onde aparecerá a lista de documentos a anexar, a partir de ai deberá proceder a subir os seus documentos.

**MOI IMPORTANTE**: Recoméndase que os documentos estean en formato pdf. Que o título sexa curto, sen acentos, sen barras e sen comiñas e deben ser nomeados co seu primeiro apelido e nome + tipo de documento. **Exemplo: SuarezManuel_AnexoIV.pdf.**

Completada a achega de documentos e o momento de **COMPARTIR BORRADOR.** No caso de que a súa solicitude non estea completa pode saír da presentación e recuperala mais adiante para acabar de completala dende o apartado "os meus borradores" para posteriormente compartir dito borrador.

## EN NINGUN CASO PREMER SOBRE ASINAR E ENVIAR




Debe compartir coa USC, como aparece na seguinte imaxe:



Logo da revisión dos documentos subidos polas persoas interesadas, podería ocorrer que se detectase que o documento subido non é correcto ou porque se teña que emendar algún erro, polo que se podería de novo **compartir/devolver** o borrador á persoa candidata posdoutoral da solicitude, para que cando o teña solucionado nola volva a compartir.

## PASO 4: PRAZO LÍMITE PARA COMPARTIR O BORRADOR DA SOLICITUDE COA USC

## DÍA MAXIMO PARA COMPARTIR BORRADOR 09 DE AGOSTO DE 2023

**Lembrade que co fin de poder garantir a presentación de todas as solicitudes na data de finalización do prazo establecido pola Xunta de Galicia é necesario que toda a documentación necesaria para a presentación da mesma esté subida na Sede Electrónica e o borrador compartido coa USC como data máxima o 09 de agosto de 2023 ás 23:59 horas.**

# A partir desta data a USC non poderá garantir a presentación das solicitudes en prazo.